

O DISCURSO DE BERTA

Realmente, non sabería por onde comezar, e tampouco querería que o meu discurso soase a escusa, pero preciso que comprendan, exactamente, o que desencadeou os feitos acontecidos naquela madrugada do 18 de Abril.

Así que, se lles parece ben, comezarei polo principio, porque todo está, dun xeito ou outro, ben fiado e nada tería sentido sen ter en conta os antecedentes. Perdón, creo que comezo a liar-me, pero han de entender que non estou afeita a este tipo de situacións, e falar así, para outra xente, fáiseme un pouco ... complicado.

Eu non cheguei a coñecer aos meus pais verdadeiros porque cando nacín, as monxas do hospital dixeronlles que nacera morta durante o parto, e as moi lurpias venderonme por cincuenta mil pesetas -das de entón- a un matrimonio de Os Ancares.

Realmente non sabería dicir se os adoptivos foron bos ou malos pais, porque cando cumprín seis anos se lles ocorreu de regalarme un cadelíño, un deses pequeniños, tipo lamecricas o cal durante un xogueteo inocente deume una chantada nunha orella.

Aí foi cando escoitei a voz por primeira vez e, cando recobrei a consciencia, o can estaba colgado polo rabo da varanda do balcón. Eu quedei inmóbil sen saber que facer... foi o meu pai o que o descolgou, e o pobriño en canto puxo o pé no chan, veu correndo onde a min e deume unha segunda chantada na cara, arrincándome o ollo dereito. Ese é o motivo polo cal levo este parche que, ademais de aportar glamour, queda plenamente xustificado, e espero que acale tódalas miradas e cuchicheos que levo sentindo desde o mesmo intre que a miña imaxe comezou a ser coñecida.

Ante este triste suceso, os meus pais adoptivos vendo a incompatibilidade entre o cadelo mais eu, decidiron deixarme no orfanato que tiñan as monxas en Monte Alto, e quedar con Marqués, que así se chamaba o can.

Teño moito que agradecer ás monxas. E isto quero recalco, para que se vaian dando conta do moito, moitísimo que marcaron a miña vida, aínda que é certo que sempre estiveron nos meus momentos mais penosos. Pero elas me deron a pouca ou moita cultura que teño, e ensinaronme, non só a ler ou escribir, senón tamén a facer “yemitas”, rosquiñas de anís, a coser e a cantar en polifonía. Que se fun feliz? Non o sei. Eu era de moito falar e elas de moito escoitar, pero pouco de entender, por iso creo que medrei rodeada de misericordia, rezos, traballo e moita incomprensión naquel escuro lugar.

E así chegou o día que cumprín os dezaioito anos, e as irmás fixéronme o primeiro regalo de aniversario da miña vida, qué ilusión tan grande cando mo deron!: una maletíña de coiro con cheiro a porco podre. Pero a emoción daquel grandioso agasallo pouco me durou, porque aquilo significaba que coa maioría de idade, xa non podía seguir no orfanato, así que coa maleta e o posto, puxéronme na rúa.

E alí quedaban as tías pánfilas, na porta do convento dicíndome adeus coas súas manciñas esbrancuxadas mentres eu baixaba cara á Praza de España coa miña maleta cheirenta. Pouco imaxinaban as pobres ilusas que aquilo non era un adeus, senón un até pronto.

Sentei nun banco diante da Grande Obra, e procedín a abrir o meu galano, porque xa me decatara eu segundo baixaba, que aquela maleta contiña outros tesouros, a saber: dous xerseis tricotados a man, un par de pantalóns que donara algunha rica porca anos atrás, un par de tenis desparellados,

- un do número trinta e nove e outro do corenta, o cal non era problema se puña un calcetín si e outro non-, catro calzóns e una bolsa de madalenas resesas.

Aposto a que están pensando que hai algo estrano no que acabo de contar... Si, é certo, dixeron “catro calzóns”, porque nesa época eu non era a que son agora.

Digamos que nacín... nun corpo equivocado; aínda que tampouco sei se o que estaba equivocado era o corpo ou a cabeza... o caso era que aquilo non concordaba, ou si...aínda é hoxe o día que non o teño moi claro.

Aquí vou facer unha pausa para beber un grolíño de auga.

Onde ía...? Ah si, pola parte do corpo non concordante...

O caso é que, con moito esforzo, moita hormona e algún que outro retoquiño estético, conseguín converterme na que son, mellor dito, na que sempre fun ou sempre me sentira.

Eu daquela era moi nova e moi, moi pava, e o traballo que atopei como dependenta nunha librería da calle Real, supuxo o meu primeiro soldo como persoa independente, o que me permitiu atopar una habitación nun piso compartido con outra moza, Anne Fleur, unha rapaza francesa que viñera estudar un máster en filoloxía hispánica e que tamén tivo moito que ver nos acontecementos posteriores da miña vida.

E aínda que aforraba cada céntimo que me sobrava despois de pagar gastos, nunca era dabondo para me costear o tratamento hormonal que naqueles anos non cubría a seguridade social, xa que se supuña que o que eu tiña era una enfermidade mental.

As operacións estéticas que ía necesitado eran un pozo sen fondo e a tan ansiada ciruxía xenital, viña sendo como facer una hipoteca dun casoplón en Ciudad Jardín.

E precisamente aí, na librería, foi onde coñecín a Benigno, que rapidamente se converteu no meu mozo e ao que considero, sen dúbida algunha, o home da miña vida. Foi el o que me fixo comprender que moitas veces é mellor unha mentira piadosa a unha verdade dolorosa, por iso preferín decirlle que cando saía da librería ía a clases de aeróbic, para que non soubera que tiña outro traballo nocturno bastante máis rendible.

“Sala de Fiestas Marux”, así se chamaba aquel local dos Mallos, aínda que nesa época xa estaba o negocio de capa caída e o pouco público que tiñamos era do estilo de don Luís, un antigo avogado nonaxenario con dentes de quita e pon que sempre viña acompañado dalgún dos seus compañeiros de asilo. Xogaban a adiviñar se o do escenario era un home, unha muller ou un deses travestis, que estaban tan de moda naquela época.

Lembro un día que me sentéi no seu colo durante un numeríño sexi e o pobre comezou a se por de cor morada e eu, convencida de que era da emoción por verme sacado una teta tan feitiña de ben operada que me quedara, non me din conta de que a súa cor era porque lle estaba atorando a sonda que levaba na vexiga. Pobre don Luís...

Alí, no Marux, facía duetos con outra compañeira, Bibiana, que era unha inmigrante que viñera da Arxentina para facer fortuna como vidente e tarotista, traballo que compaxinaba coas noites cantareiras naquela sala de festas. Hei de recoñecer que aínda que era un personaxe bastante insoportable, axudoume moito nos momentos de crise que tiveron con Benigno, e pode que sexa a única amiga que tiveron na miña vida.

Bibiana mais eu, discutíamos por todo: se me equivocaba nas coreografías, bronca porque me chamaba disléxica; se me puña unha perruca que non lle gustaba, bronca porque dicía que me parecía a Aramis Fuster; se a saia era moi curta, bronca porque seica asomaba o testículo esquerdo... a verdade é que discutir, era a nosa maneira de consolarnos naquel lugar tan triste e sórdido, pero as dúas precisabamos cartos e a ela, o conto de enganar a pobres incautos con aquilo do tarot, tampouco lle rendía moito.

O certo é que cando Benigno comezou a me enganar con Anne Fleur -a miña compañeira de piso- ela foi a primeira en darse conta e advertírmolo: que se *“mira que ela e moito máis nova”* que se *“mira que o acento francés é moi sexi”* que se *“mira que esa é moi lagarta”* que se *“mira que ela ten os dous ollos”*... E aquilo era o que máis dano podía facerme porque ser torta e levar un parche pirata, non tiña máis vantaxes que o aforro en sombra de ollos, en lentes de contacto ou en rimmel, pero a cantidade de golpes que eu levaba ao cabo do día por enfocar mal, non eran nin medio normal.

Dixo que o sabía porque llo dicían as cartas do Tarot. Velaquí a súa interpretación: o arcano dos Namorados volteados significaba que a relación de parella estaba en grande perigo; e o arcano da Sacerdotisa xunto ao da Torre, significaba que había unha terceira muller relacionada cunha torre, que ben podía ser a torre Eiffel, así que era obvio que a muller tiña que ser francesa ¿...?

Eu non sei se estas cousas as inventaba, alguén llas chivaba ou realmente tiña poderes paranormais de videncia, pero o caso era que conseguía o seu obxectivo: poñerme tan tremendamente nerviosa, que os propios nervos facían que me pestanexase o ollo cal folla de berza en día de cicloxénesis explosiva.

Pero o peor de todo estaba por chegar cando Anne Fleur quedou preñada do meu Benigno. Dis que foi unha noite que foron cear a un chinés e os “rollitos primavera” estaban tan picantes, que pillaron unha quentura pero de verán e alí, no aparcadoiro, dentro do coche tiveron o maior revolcón da súa curta historia de amor. E digo curta porque cando Benigno soubo do embarazo de Anne Fleur, deuse conta do moito que me quería a min...

E a moi porca dela, nun arranque de ira –parece que non lle sentou ben que Benigno fuxira por patas e a deixara tirada- vai e sóltalle o segredo que eu lle pedira que non revelase xamais: o do meu traballo nocturno no clube. Como se pode ser tan mala amiga? Como poido estar ese tempo co meu mozo e non ser capaz de mo contar?

Menos mal que el é un home nobre e o menos que quere é facerme sufrir a min, así que cando me apareceu unha noite no Marux, todiño suado, coa aureola de home namorado e nun acto de sinceridade, decidiu contarme a súa versión do sucedido antes de que me chegase outra versión dos feitos vía Tarot que, obviamente, eu non crería xamais.

Contoume que un día fora a casa a me buscar e eu non estaba. Mentres esperaba a que eu chegase, Anne Fleur pediulle que lle axudase a cambiar a lámpada do corredor que levaba varios días fundida e que, cando estaba enriba da escaleira perdeu o equilibrio e mentras caía, engancháronselle os pantalóns nun dos chanzos e, casualmente, foi caer xusto enriba de Anne Fleur que estaba abaixo aguantando a escaleira sen bragas e coas pernas abertas.

Eu fixen como que lle cría porque, como xa dixen antes, a maioría das veces é mellor unha mentira piadosa.

E así foi como Benigno decidiu rematar co seu “affaire”, e Anne Fleur converterse en nai solteira.

Pero non esquezan que polo día eu traballaba na librería, e naquel lugar sucederon cousas maravillosas, como coñecer a Benigno, pero tamén houbo momentos difíciles que puxeron a proba a miña paciencia como vendedora.

Lembro o primeiro día que apareceu aquel home. Só sabía que era taxista e que eran mediados de decembro, e sabíao porque acababamos de poñer o escaparate de Nadal; é mais, era media mañá porque acababa de tomar o cafeliño. Chegou e preguntoume se tiñamos un libro do que non lembraba o título pero que eu tiña que coñecer porque era inconfundible, de cor verde escura, con cadriños negros moi finos e unha foto dun señor con bigote na portada.

Eu non daba creto e el non facía máis que meterme presa porque tiña o taxi aparcado en dobre fila diante do teatro Rosalía, e canta máis presa me metía, máis nerviosa me puña.

Pedíume que mirase no ordenador, pero eu non sabía como buscar, se polo “v” de verde ou polo “s” de señor con bigote...

Chamoume incompetente e dixo que a culpa era do goberno por deixar ás mulleres facer traballos de intelectualidade... Pódeno crer..?

Mentres eu non sabía qué máis facer, el decidiu buscar pola súa conta e revisou unha por unha cada estantería da librería. Catro horas seguidas estivo buscando aquel tan recoñecido libro, mentres comía un bocadillo de mexillóns en salsa de vieira que traía nunha bolsa e co que chorreaba os libros de fotografía, ¡os de sete mil pesetas!

Finalmente levou a biografía de Isabel Pantoja, que verde non era, cadriños negros tampouco tiña pero, polo menos na foto da portada aparecía alguén con bigote.

Foi desesperante, un dos días máis duros da miña vida como libreira.

Pero a cousa non rematou aí porque dende entón comezou a vir cada día, sen faltar nin un só, e sempre coa mesma trapallada: que se un libro vermello cunhas flores nas esquinas, que se amarelo cunha liña lila lonxitudinal ou cunha árbore de non sei que especie...

Eu en canto que o vía entrar, facía por me esconder para que non me vira, pero sempre me atopaba; cheguei a encerrarme no váter, non lles digo máis. E o peor era que, ao rato de entrar el, comezaba a sentir na cabeza a mesma voz de cando o pobre Marqués aparecera colgado polo rabo.

Aquela mañá, eu estaba especialmente contenta, porque a noite anterior fora a declaración de amor de Benigno e non estaba disposta a que ningún taxista heterobásico me puidese fastidiar a xornada. Así que cando apareceu na librería, recibino co mellor dos meus sorrisos, cousa que debeu de parecerlle extrana xa que me preguntou se me ocorría algo na boca porque me notaba máis fea do habitual. Niso vai e sóltame que necesita oitenta e cinco centímetros de libros en cor marrón, porque acababa de comprarlle á súa nai unha estantería no BricoKing e os andeis medían, exactamente oitenta e cinco centímetros e que, *“como todo o mundo sabe, os libros adornan unha barbaridade, así que mellor iso que unhas fighuritas desas de Sarghadelos”*. Dáballe igual o autor, só quería que os libros fosen nesa tonalidade.

Iso si, deixoume claro que el de cores non sabía moito porque eso eran cousas mais de mulleres ou de sarasas que, polo visto tiñamos un xen específico para elo; por iso tivo o finísimo detalle de sacarme un retallo das cortinas e un coxín do sofá para buscar o ton de marrón que mellor combinase.

Nin que dicir ten que ningún libro dos que lle ensinaba parecía valer: un era moi escuro, outro moi ancho, outro era máis granate que marrón... así que cando decidiu poñerse a mirar pola súa conta, botei un paso atrás e dispúxenme a ver como ía revisando unha a unha, todas e cada unha das estanterías mentres bufaba porque pola miña incompetencia estaba arriscando que lle multasen por deixar o taxi enriba da beirarrúa.

Cinco horas mantiven o sorriso mentres desmantelaba os andeis! E foi entón cando caín na conta dunha edición do Quixote que acababa de chegar: un só tomo, mil oitocentas páxinas, encadernado antigo en coiro marrón e cos cantos rebeteados en ouro fino.

“Acabo de atopar xusto o que vostede precisa” díxenlle, collín o libro coas dúas mans e...

A partir de aquí xa non lembro nada máis; tan só aquela voz na miña cabeza e a horrible imaxe daquel home tirado no chan, coa cara desfeita e envolto nun charco de sangue; ben, tamén recordo a viaxe no coche patrulla até a comisaría.

E aí foi cando se produciu a primeira volta da vida, porque fun condenada a cinco anos de reclusión no sanatorio de Conxo, que anteriormente fora convento e, por un acordo, eran as monxas as que coidaban dos enfermos. Eu sentín como unha sensación de volta á infancia.

Durante os primeiros anos houbo tempo para todo, incluso para que a miña excompañeira de piso Anne Fleur dese a luz, cousa da que souben nunha visita que me fixo Bibiana ao sanatorio.

Contoume que estaba ela un día pola noite esperando o bus para ir a traballar ao Marux cando chegou unha moza, así lourriña ela e en avanzado estado de xestación, sentou no banco da parada e comezou a se remexer mentres emitía unha especie de estranos gruñidos.

Díxome que estaba tan gordísima e tan desfigurada, que non foi quen de recoñecela ao principio, pero que chegou a se preocupar polas molestias que parecía sufrir e que por iso preguntoulle se se atopaba ben, pero a mociña non falaba, só facía que choromicar e bufar, e Bibiana non sabía que facer. Preguntoulle se tiña gases, se lle apretaba a faixa, se tiña sufrido algunha desgracia... Pero era tal a desesperación da rapaza, que ata chegou a preguntarlle se tiña algunha enfermidade terminal ou algún tipo de tumor, ao cal a moza respondeu cun berro: Benignoooo!

Aí Bibiana xa se tranquilizou, porque pensaba que se o tumor era benigno, non había razón para se preocupar, porque con extirpalo sería suficiente. Pero tamén comezou a casar as pezas e cunha segunda ollada, xa caeu de que lle soaba aquela cariña tan redonda, aquel acento francés e que Benigno máis que un tumor, podería ser o pai da criatura.

Co cal a causa da desgracia daquela rapaza de pelo louro viría polo abandono paternal que non era capaz de superar.

Aínda así, tratou de confirmar as súas sospeitas e preguntoulle polo tal Benigno ao que a pobre rapaza, nunha desesperada necesidade de desafogo, contoulle que ese home era o individuo que a abandonara nese embarazoso estado para volver coa súa antiga moza Berta, anteriormente chamada Roberto.

Entón xa caeu na conta de que aquela muller, era Anne Fleur, da que non podía evitar sentir un pouco de mágoa, sobre todo no momento en que comezou a ter as contraccións mais seguidas e sentiu como un chapoteo nos pés, provocado polas augas maternais que, tras a rotura, corrían rúa abaixo cara o sumidoiro da beirarrúa.

A súa primeira reacción foi pedir unha ambulancia, pero pensou que tardaría demasiado.

Mentras secaba os zapatos cunha folla de diario, tentaba de discurrir a mellor opción cando, na inmensidade da noite, o pilotoño verde daquel taxi dáballe a solución ao seu problema.

Casualmente o Marux quedaba de camiño ao Materno, así que mentres Bibiana ía pedindo ao taxista que a deixara a ela antes, Anne Fleur se acomodaba na parte de atrás, ao tempo que apartaba unha chea de libros do asento, para evitar que terminasen todos mollados.

E entre tanto eu pasaba a miña condena en Conxo coas miñas coidadoras, coas que non tardei en facer boas migas porque as vía como irmáns e pasabamos moito tempo xuntas.

Bordamos non sei cantos mantéis, intercambiamos receitas de cociña, ensaiamos novas cancións para a misa dos xoves... que sei eu!

O caso era que o sanatorio estaba feito unha merda -con perdón da expresión- porque tiña desconchóns por todas partes, as baldosas dos baños todas despegadas... pero cando precisaban dalgún arranxo urxente, ben se apañaban as monxas de encargarme a min de llo facer chegar ao Padre Genaro, que viña semanalmente a pasar confesión antes da misa.

Sempre puñan a excusa de que elas estaban alí por vocación divina e eu por “agresión aleivosa con tomo enciclopédico a unha pobre criatura inocente”, sen ter en conta que aquel episodio non fora intencionado, senón froito da voz que me obrigara a facelo; todo isto según o psiquiatra que fixo o informe, porque eu non recordo nada daquelo.

Co cal sempre me cargaban a min coa responsabilidade de solucionar os problemas co cura, tema ao que eu, en principio me negaba, porque unha cousa era cumprir cadea e outra moi distinta ter que ser eu a que apañase todas as desfeitas do sanatorio. Pero o certo era que as goteiras da capela eran unha cousa fora de si, coa imaxe do patrón da orde, San Pedro Nolasco, vítima da humidade e devorada día a día polo mofo e a piolla, e todas sabiamos que deixarme sobar un pouco por un vello morroño que tanto me recordaba a don Luís e os seus compañeiros de asilo, non sería a única solución posible, pero si a mais rápida.

E aínda que gracias ás miñas artes xa conseguíramos anteriormente que cambiasen o forno, que compraran un devedé ou que puxeran vídeo-porteiro, sentía que era a que menos saía gañando, así que decidín buscar o meu propio beneficio e acordei coas irmás de facerlle unha encerrona ao cura.

Coa excusa das goteiras na capela, citei ao Padre Genaro na despensa para lle pedir confesión e, tras unha sutil insinuación, entregámonos ao delirio dos praceres carnais xusto no momento en que a irmá Palmira entraba, casualmente na despensa, coa excusa de coller un anaco de unto para facer o caldo. E entón co alboroto, apareceron o resto das irmás cunha Polaroid e ameazaron ao cura con facer públicas aquelas fotos a menos que nos dera os cartos suficientes para arranxar a capela e ademáis, un certificado de boa conducta co que conseguín o meu terceiro grado en cuestión de seis meses.

Se cara a min parecía que as cousas comezaban a mellorar, non foi así o caso de Anne Fleur, que caeu nunha enorme depresión posparto debida á dificultade de compaxinar o seu máster cos coidados que o seu recén nacido precisaba.

Por sorte ela non tiña demasiado problema de cartos porque os seus pais, que tiñan unha “petite fromagerie” en Montpellier, cubrían sobradamente os seus gastos mensuais, e xa non precisaba de alugar ningún cuarto, co que montou nel unha bonita sala de lactancia para o cativo.

Souben por Bibiana que tamén tivera un intento de suicidio un día que se tomou unha caixa enteira de pastillas, que quedou en grao de tentativa porque unha enchenta de Gelocatiles non mata a ninguén, como moito evítache a dor de cabeza tres ou catro meses.

O caso que de volta do hospital despois de facerlle un lavado de estómago, tomou un taxi e alí estaba de novo o comprador de libros compulsivo. Non dirán que a vida non é un cúmulo de coincidencias, non sí?

Xa dicía a irmá Palmira que cando as cousas están para ti, da igual que metas a cabeza dentro do váter, porque os agoiros do destino, igual que os zurullos, sempre saen a flote.

Ao pouco tempo, Anne Fleur e Jaime, -que así era como se chamaba o taxista- tomaron o acordo de casar nunha cerimonia moi íntima. Digo que tomaron o acordo, porque eso foi; ela precisaba alguén que lle fixera un pouco de caso e un pai para o seu fillo, e el unha muller que, aínda que non fora moi guapa, lle fixera a comida e lle lavase os slips que con tan bo gusto mercaba el no outlet de Alcampo; aínda que isto levase engadido un neno que pasaba todo o día chorando, comendo e cagando –cito palabras textuais do referido persoaxe-

Non houbo nin convite nin nada parecido. Ao rematar tan glamourosa cerimonia ela marchou para casa có rapaz no colo e el marchou ao bar cos amigos, porque era a final da Champions Leage e ningún deles tiña Canal+ na tele.

Cando digo que para min as cousas empezaron a mellorar, quero dicir que tras abandonar o sanatorio, puiden volver a traballar na sala de festas, só tiña que facer seguemento psiquiátrico e presentarme na comisaría cada dous meses. Pero estaba moito mellor, a medicación tiñame a cabeza ben centrada e a relación con Benigno ía, pouco a pouco, afianzándose.

Aquela noite, a do 18 de Abril, houbo unha sesión especial na sala, onde actuaron grandes promesas locais. Que lembranzas ver a esa Pili Pampín tan noviña, comezando a súa meteórica carreira cara o éxito!

E como fin de festa, Bibiana e máis eu cantamos unha marabillosa versión de “Yes sir, I can boogie” das Baccara, que fixo poñer en pé a todo o público que abarrotaba a sala. Ben a todo non, porque con tanta cadeira de rodas, resultaba complicado erguerse.

Pero a gran sorpresa da noite veu cando estabamos no camerino durante o descanso, e apareceu Benigno por sorpresa, cun enorme ramo de gladiolos vermellos e unha pequena caixiña da xoiería José Luis.

Eu non contaba con el e quedei estupefacta con aquela imaxe: o home máis importante da miña vida axeonllado cara min, con un anel de compromiso na man dereita e envolto nunha aureola vermella de gladiolos recién cortados .

Aí foi cando fixen a promesa de que ese sería o último día que traballaría naquel lugar, que a miña nova vida pasaba por soltar lastres e que Benigno merecía unha muller nobre e decente que non precisase de volver a mentirlle nunca máis.

Ainda que naquel tempo para as parellas coma nos non era legal casar, decidín aceptar aquel pedrolo e sincerarme totalmente con el, xurándome que nunca volvería a mentirlle, así que lle contei todo o que lle quedaba por saber de min: que os meus pómulos non eran naturais, que acababa de pagar o primeiro prazo dunha prótese de ollo de cristal desas que non se notan nada,

que a cicatriz que teño no cóbado non foi por unha caída dun columpio, senón para facerme a reconstrucción do clítoris, e que os meus beizos tiñan silicona inxectada -porque hai que ver o útil que é a silicona, que os mesmo te impermeabiliza a xunta do váter, que te pon os beizos como Carmen de Mairena-

E así rematei con tódolos segredos da miña vida. Ben, ao mellor esquecéuseme de contar o acontecido con Marqués, o meu cadelíño...

Así que saín a ese escenario por última vez, e pechei a miña carreira artística interpretando mellor que nunca aquel temazo de Ana Kiro, sentindo como a música entraba dentro de min e facíame sentir como se voase, como se estivese soa, como se o tempo se parase e tan só existísemos ela mais eu; non había espazo no medio para ninguén máis.

Traballara moi duro, pensando nas miles de veces que desexara con todas as miñas forzas chegar a ver cumpridos os meus grandes soños e nese minúsculo intre, conseguino: era unha grande muller e unha grande artista, aínda que fose a derradeira vez.

Disfrutei como nunca dese momento, como se o día seguinte non importase, até que a miña cabeza comezou de novo, a escoitar aquela voz.

Estaba onde quería, pero Benigno entrara dentro de meu soño, do meu, do único, o privado e, por riba de todo, el non tiña dereito a estar alí. Era o que era por min, ninguén me regalara nada e, aínda que agradecía a compañía de Benigno, el non participara do proceso.

Ben, eso era o que me dicían as voces, é o último que recordo... o resto seino porque mo contaron esa mesma mañá.

Dixéronme que cando saímos da sala de festas, fomos cara o coche de Benigno e eu pedinlle, como outras tantas veces, que me deixase sacalo do aparcadoiro mentres el, desde fóra, dirixía a miña manobra. Eu é que non teño carné de conducir, saben? e nunca conduzo pola estrada e por iso non podo entender como o meu mozo terminou debaixo do coche...

O policía dixo que lle pasara por riba varias veces, cara adiante e cara atrás, cara adiante e cara atrás, cara diante e cara atrás... non sei... pobre Benigno.

Así que espero que teñan en conta que el agora é moi feliz. Xa aprendeu a dar trompos coa cadeira de rodas, vive nunha residencia con xardín e piscina adaptada a tetrapléxicos, e quedoulle unha moi boa pensión.

Ben, isto é o que me contou Bibiana, que é a única que, de momento, me veu a ver. Que boa rapaza é!

En fin, queredría poder argumentar algo máis na miña defensa, pero xa lles fixen o resumo da miña vida e contei todo o que recordo. Só espero que vostedes, membros e membras deste selecto grupo de xuíces do Supremo, teñan en consideración estes avatares vitais e as miñas lagoas mentais como atenuante, antes de decidir se me conceden outra vez o terceiro grado..

Porque aínda que a canción diga que "*veinte años no es nada...*" boto moitísimo de menos ás monxas e, desde que o sanatorio de Conxo pasou a mans da Seguridade Social, xa non é nin sombra do que era.